

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Decreto 45/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

A conformación dun sistema sanitario que obteña resultados satisfactorios, a través dos profesionais sanitarios, para a cidadanía de Galicia e cunha organización sanitaria eficaz, equitativa e eficiente, marca a nova estratexia adoptada pola Consellería de Sanidade. Este posicionamento está impregnado duns valores que deben ser tidos en conta en todos os niveis e procesos do Sistema Sanitario Galego.

De xeito tal que, para considerar unha actuación como axustada a estes parámetros, ten que obter os resultados desexados, pero ademais respectando os valores ou criterios aquí fixados:

-Obter resultados positivos no ámbito da saúde das galegas e dos galegos, así como nos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria, na humanización da medicina, tanto en niveis obxectivos como de satisfacción percibida.

-O sistema sanitario galego promoverá e potenciará o seu carácter público.

-O sistema sanitario galego ten que actuar con eficiencia en todos os seus niveis orgánicos e asistenciais para garantir a sustentabilidade financeira do sistema.

-Todos os obxectivos e resultados da organización deberán estar baseados na participación real e continua de profesionais, cidadáns e, en xeral, de toda a sociedade galega.

Cómpre, polo tanto, facer as necesarias modificacións na estrutura da Consellería de Sanidade, co fin de desenvolver o papel que lle corresponde como autoridade sanitaria e como órgano responsable da dirección do sistema sanitario de Galicia.

Á Consellería de Sanidade correspóndelle fixar os obxectivos de mellora da saúde, garantir o dereito ás prestacións sanitarias de cobertura pública, delimitar os dispositivos e medios de titularidade pública ou adscritos ao sistema, segundo as necesidades de saúde da poboación, dirixir a rede galega de atención sanitaria e realizar as actuacións de autoridade sanitaria. En definitiva, desenvolver un modelo organizativo que se axuste paulatina e progresivamente cara á consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos nas directrices de Política Sanitaria de Galicia acordadas polo Consello da Xunta de Galicia do vinte e sete de outubro do dous mil cinco.

Estas funcións desenvolveranse de acordo cos principios establecidos no precitado acordo e na dirección axeitada cara á redacción da nova Lei de saúde de Galicia, que supere a actual Lei de orde-

nación sanitaria de Galicia (Losga), con especial énfase na orientación cara aos cidadáns e á participación social, na concepción integral da saúde, na universalidade do dereito ás prestacións de cobertura pública, na promoción da equidade no acceso aos servizos e ás prestacións sanitarios e no equilibrio territorial, cunha atención de calidade personalizada e humanizada, tanto na vertente clínica e organizativa coma na atención aos cidadáns.

No modelo organizativo, e polo tanto na estrutura, sepáranse a planificación, o financiamento e a avaliación da xestión, que lle corresponden á consellería, respecto da execución, que lle corresponde ao Sergas. Este organismo, ao que se lle encomenda con carácter xeral a dobre función de compra e provisión de servizos sanitarios, está adscrito á Consellería de Sanidade, que exerce sobre el as funcións de dirección, vixilancia e tutela.

Polo tanto, en virtude do disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta da conselleira de Sanidade, cos informes previos da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e da Consellería de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de febreiro de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-A Consellería de Sanidade.

1. A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de autonomía de Galicia e que lle foron asignadas polo Decreto 28/1980, do 15 de outubro, polo artigo 21 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia e pola Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

2. Así mesmo, correspóndelle o exercicio das competencias que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade se recollen na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública.

Capítulo I Servizos centrais

Artigo 2º.-Estrutura.

1. A Consellería de Sanidade, para o cumprimento das súas funcións, contará coa seguinte estrutura nos seus servizos centrais:

a) A conselleira ou conselleiro.

b) A Secretaría Xeral.

c) A Dirección Xeral de Saúde Pública.

d) A Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria.

e) Órganos asesores, consultivos e de coordinación.

2. O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Saúde, (derrogada, agás os seus artigos 1 e 2, que se manteñen vixentes, pola Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia) estará adscrito á Consellería de Sanidade.

Artigo 3º.-A conselleira ou conselleiro.

A conselleira ou conselleiro de Sanidade é a superior autoridade da consellería e con tal carácter desempeña e exerce as competencias que lle confiren a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro; a Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia; e a Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, en relación co Decreto 254/1997, do 10 de setembro e a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

Artigo 4º.-A Secretaría Xeral.

1. A Secretaría Xeral exercerá as funcións e competencias establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, en relación con todas as unidades e servizos dependentes da Consellería de Sanidade e a inspección dos servizos, centros e organismos dependentes ou adscritos á consellería, sen prexuízo das funcións que se lles atribúan a outros órganos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

Correspóndelle tamén:

1. Con respecto aos sistemas e tecnoloxías de información, e baixo a perspectiva de artellar un proxecto único para a Consellería de Sanidade e para o Sergas, correspóndelle o deseño da estrutura básica do sistema de información do sistema sanitario de Galicia, a normalización, o mantemento e a explotación dos sistemas e tecnoloxías de información e a definición, coordinación e supervisión dos plans de información e sistemas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia. A Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade poderá definir e articular as comisións técnicas necesarias para o desenvolvemento das funcións desta unidade.

2. A inspección dos servizos sanitarios que se exercerá sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia. Os efectivos que desenvolvan esta función dependerán orgánica e funcionalmente da Secretaría Xeral, sen prexuízo do sinalado no artigo 27 deste decreto.

3. A ordenación e o exercicio das potestades disciplinarias dos recursos humanos da consellería, sen prexuízo das competencias atribuídas ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

4. A iniciación, de oficio ou por proposta do organismo autónomo Sergas, dos procedementos sancionadores a establecementos farmacéuticos, así como as funcións que lle atribúen as normas reguladoras das oficinas de farmacia; dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria; das boticas anexas e dos establecementos de fabricación, distribución e de venda de produtos sanitarios.

5. A elaboración e redacción do proxecto de orzamento da consellería, o establecemento de bases e directrices da xestión económica, e a ordenación dos investimentos, instalacións, equipamentos e outros gastos e pagamentos da consellería.

6. A elaboración, redacción, seguimento e avaliación dos plans anuais e cuadrienais de traballo establecidos no ámbito da sanidade galega.

7. As funcións de coordinación, apoio e documentación nas relacións que, en materia sanitaria, mantén a consellería con outras administracións públicas e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional da Saúde.

8. Ademais das competencias que lle atribúa a normativa en vigor e o exercicio daquelas funcións que lle sexan singular ou especificamente encomendadas ou delegadas pola conselleira ou conselleiro de Sanidade.

Artigo 5º.-A Secretaría Xeral, para o exercicio das súas funcións, contará coa seguinte estrutura:

a) A Vicesecretaría Xeral.

b) A Subdirección Xeral de Réxime Administrativo.

c) A Subdirección Xeral de Información e de Servizos Tecnolóxicos.

d) A Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios.

Artigo 6º.-Dependendo orgánicamente da Secretaría Xeral, con nivel orgánico de Subdirección Xeral, existirán as seguintes unidades:

1. Intervención Delegada.

2. Asesoría Xurídica, que se rexerá polo disposto no Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Artigo 7º.-A Vicesecretaría Xeral.

1. Á Vicesecretaría Xeral, con nivel orgánico de Subdirección Xeral, correspóndelle, como órgano de apoio ao secretario xeral, o exercicio das seguintes funcións:

a) O apoio administrativo e de xestión no seguimento e coordinación dos obxectivos e accións das distintas unidades da consellería. A harmonización da organización e funcionamento dos servizos administrativos da consellería e do Servizo Galego de Saúde.

b) Prestarlle asistencia técnica, xurídica e administrativa ao secretario xeral en todos os asuntos que este lle encomende.

c) A elaboración de estudos e propostas nas materias de estrutura, organización, deseño de procedementos administrativos, tanto nos servizos centrais como periféricos da consellería e demais entidades adscritas.

d) Substituír o secretario xeral da consellería nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante deste.

2. Contará, a nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo de Xestión Económico-Orzamentaria e de Recursos Humanos.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A formulación da proposta do anteproxecto de orzamento da consellería, e a súa xestión económica, orzamentaria e patrimonial.

b) A formulación de propostas de investimentos relativos a instalacións, equipamentos e o seu mantemento.

c) A tramitación dos expedientes de gasto e os pagamentos da consellería.

d) A elaboración de propostas e informes en materia de recursos humanos e relacións de postos de traballo, e o mantemento e actualización do rexistro de persoal.

2.2. Servizo de Documentación, Publicacións e Estudos.

1. É a unidade á que lle corresponde a emisión de informes e estudos, así como a organización, o mantemento e a divulgación do fondo documental da consellería e do Servizo Galego de Saúde e a coordinación e tramitación de publicacións no ámbito de competencias da Consellería de Sanidade e dos seus órganos dependentes.

En particular, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A organización, o mantemento e a divulgación do fondo documental da consellería e do Sergas e a coordinación e tramitación de publicacións no ámbito de competencias da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

b) A xestión da rede de bibliotecas biomédicas.

c) A adquisición centralizada dos recursos documentais dos servizos centrais da Consellería e do Sergas.

d) A elaboración do plan editorial da consellería e do Sergas.

e) A elaboración da memoria anual da consellería e do Sergas.

f) A normalización e a supervisión das memorias dos centros e servizos sanitarios.

g) A realización das enquisas de calidade percibida.

Artigo 8º.-A Subdirección Xeral de Réxime Administrativo.

1. É a unidade encargada do asesoramento técnico-administrativo-xurídico da consellería e do Sergas e da coordinación dos servizos de carácter xeral, do réxime interior, dos rexistros e arquivos xerais.

2. Contará, a nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo Técnico Xurídico.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A revisión técnica e a tramitación dos proxectos de disposicións de carácter xeral da consellería e do Sergas.

b) A tramitación e rexistro de instrucións e ordes de servizo da consellería e do Sergas.

c) O estudo, preparación e tramitación dos expedientes da consellería, do Sergas e demais centros ou entidades dependentes dela, que teñan que levarse á Comisión de Secretarios Xerais e ao Consello da Xunta de Galicia, así como o traslado dos seus acordos.

d) O estudo, a tramitación e a formulación, se é o caso, de propostas de resolución de recursos ou reclamacións interpostos contra os actos e resolucións emanados dos distintos órganos da consellería ou do Sergas.

e) A tramitación e a coordinación das resolucións dos expedientes de reclamación de responsabilidade patrimonial, sen prexuízo das funcións encomendadas a outras unidades.

f) Actuacións de coordinación co seguro de responsabilidade patrimonial derivada de asistencia sanitaria, sen prexuízo das funcións encomendadas a outras unidades.

g) O estudo e a tramitación das resolucións relativas á apertura, traslado, transmisión, modificación ou peche das oficinas de farmacia e boticas anexas.

h) O estudo e a tramitación de convenios de colaboración nos que interveña a Consellería de Sanidade ou o Servizo Galego de Saúde.

i) A coordinación en materia de políticas de prevención de riscos laborais, no ámbito do persoal da Consellería de Sanidade.

j) A emisión de informes relativos ás propostas de resolución dos expedientes disciplinarios do persoal facultativo estatutario.

k) As propostas de resolución que sexan competencia do secretario xeral e da conselleira ou conselleiro de Sanidade, derivadas das infraccións en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, e de establecementos de produtos sanitarios.

l) Preparar compilacións das disposicións vixentes que lle afecten á consellería ou ao Sergas, e propoñer refundicións e revisións dos textos legais.

m) En xeral, a elaboración de estudos xurídicos, resolucións, informes e demais asuntos que, por razón da súa competencia, lle sexan encomendados pola Secretaría Xeral.

2.2. Servizo de Réxime Interior.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) As relativas á xestión do réxime interior da consellería, o rexistro e os arquivos xerais. A xestión dos libros de rexistro e as restantes funcións no relativo ás fundacións de interese galego sobre as que a consellería exerza o protectorado.

b) A coordinación da publicación no *Diario Oficial de Galicia* e demais diarios ou boletíns oficiais das disposicións ou actos ditados polos órganos da consellería e do Sergas.

c) A proposta de iniciación e tramitación da resolución, se é o caso, dos expedientes disciplinarios do persoal con destino na consellería e no Sergas, con excepción do persoal facultativo estatutario.

d) A xestión do parque móbil da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

e) A xestión da subministración de material de oficina e imprenta, e consumibles informáticos, para as distintas unidades da consellería e do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 9º.-A Subdirección Xeral de Información e de Servizos Tecnolóxicos.

1. É a unidade que elaborará propostas e emitirá informes sobre planificación, estratexia, deseño, adquisición, implantación, normalización, mantemento e calidade dos sistemas e das tecnoloxías de información da consellería de Sanidade.

2. Elaborará propostas acerca dos mecanismos precisos para a adecuada dispoñibilidade da información no sistema sanitario, tanto no ámbito asistencial coma de xestión, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

3. Será a unidade de referencia para os sistemas e tecnoloxías da información e telecomunicacións no ámbito dos centros do sistema sanitario de Galicia dependentes do Sergas e da Consellería de Sanidade.

Corresponderalle ademais:

a) Nas diversas áreas funcionais da Consellería de Sanidade e os órganos dependentes as funcións de elaboración de propostas relativas a normativa e procedementos técnicos para a integración da información relacionada coas correspondentes actividades e unidades, así como a xestión dos proxectos de tecnoloxías da información, o seu mantemento e evolución.

b) Propor os procedementos de implantación e soporte relacionados coas tecnoloxías e sistemas de información da Consellería de Sanidade e dos órganos dependentes, as políticas e tecnoloxías en materia de sistemas, comunicacións, redes e seguridade informática, a estruturación dos contidos e dos procedementos de xestión da infraestrutura da intranet e da extranet da consellería e do Sergas, a xestión de dominios e correo corporativo e a definición da metodoloxía e procedementos de auditoría informática das áreas sanitarias.

c) Establecer os mecanismos para garantir o acceso e a autenticación dos usuarios dos sistemas de información, mediante certificación electrónica ou outras medidas de índole técnica que garantan o dito acceso.

d) Establecer medidas de seguridade, de acordo coa normativa vixente, dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal e terá capacidade de auditoría no ámbito da protección de datos de carácter persoal.

4. As unidades responsables dos sistemas e tecnoloxías da información adscritas aos distintos centros dependentes da Consellería de Sanidade e do Sergas compartirán a responsabilidade común de colaborar na definición, despregamento e xestión dos servizos de sistemas e tecnoloxías da información, baixo a dirección da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.

5. Contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

5.1. Servizo de Análise e Normalización da Información.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A análise das necesidades de información e de desenvolvemento e evolución dos sistemas de información.

b) A normalización de conceptos e da estrutura lóxica dos sistemas de información.

c) O establecemento de procedementos e normativas que garantan a homoxeneidade da información manexada.

d) O deseño de estratexias que faciliten a integración e a accesibilidade dos sistemas de información.

5.2. Servizo de Promoción e Calidade da Información.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Auditoría de información e revisión permanente da calidade dos sistemas de información e da súa explotación.

b) Elaboración das normativas e procedementos oportunos para mellorar a calidade e a homoxeneidade da información.

c) A definición dos niveis de acceso aos datos e dos procedementos de autorización dos permisos.

d) O desenvolvemento na comunidade autónoma das estatísticas sanitarias que se lle encomenden, e a colaboración co Ministerio de Sanidade e Consumo na realización das estatísticas nacionais de establecementos con réxime de internado.

e) O establecemento dos procedementos de traballo que garantan a dispoñibilidade da información a través das diferentes canles de difusión, incluídos os contidos da web e da intranet do Sergas e da Consellería de Sanidade.

5.3. Servizo de Codificación.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A proposta de sistemas de codificación para a súa utilización na Consellería de Sanidade e do Sergas.

b) A normalización dos sistemas de codificación utilizados na Consellería de Sanidade e no Sergas.

c) A xestión da calidade dos conxuntos mínimos básicos de datos.

d) A coordinación técnica das unidades e comisións de codificación.

5.4. Servizo de Xestión de Proxectos de Sistemas de Información.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Xestión dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información, e coordinación dos grupos de traballo.

b) Selección ou deseño e desenvolvemento de sistemas de información que satisfagan os requirimentos dos diferentes ámbitos funcionais.

c) Xestión e coordinación das implantacións e arranque dos diferentes proxectos, e programación e deseño da formación aos usuarios finais.

d) Soporte funcional e técnico de segundo nivel aos sistemas implantados.

e) Elaborar as propostas necesarias para a formación sobre os sistemas de información.

f) Elaboración da normativa e procedementos que promovan a integración e homoxeneización dos sistemas.

g) Desenvolver as áreas de traballo de: sistemas de información clínico -asistenciais, sistemas de información de xestión económica e de recursos humanos e os sistemas de información de programas especiais (no ámbito funcional do aseguramento, a planificación e a saúde pública).

5.5. Servizo de Soporte e Implantación.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Definir e establecer as normas, estándares e procedementos en actividades de soporte e implantación de aplicacións e sistemas informáticos e asegurar o seu cumprimento para acadar a obtención

da súa calidade e a satisfacción dos usuarios, impulsando os procesos de certificación en normas de aseguranza da calidade.

b) Definir a metodoloxía e procedementos de auditoría informática nas áreas sanitarias.

c) Xestionar e supervisar a actividade de soporte de aplicacións e sistemas informáticos nos seus distintos niveis de especialización.

d) Organizar, planificar e supervisar os procesos de implantación de tecnoloxías da información e coordinar as unidades implicadas.

5.6. Servizo de Infraestruturas e Arquitecturas Tecnolóxicas.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Homoxeneizar a plataforma tecnolóxica dos centros dependentes do Sergas e da consellería.

b) A evolución técnica da infraestrutura hardware e software de base.

c) Instalación, mantemento e soporte da infraestrutura de sistemas e comunicacións.

d) Xestión da rede corporativa de voz e datos.

e) Definición das metodoloxías, normativas e estándares tecnolóxicos que o conxunto da organización ten que seguir.

f) Definición da arquitectura técnica para todos os desenvolvementos que se realicen no Sergas e na Consellería de Sanidade.

g) Realización de auditorías para velar polo cumprimento dos estándares e metodoloxías corporativas.

h) Análise e definición de novas liñas tecnolóxicas que hai que implantar na organización.

i) Desenvolver as áreas de traballo de: arquitecturas tecnolóxicas, sistemas e comunicacións. Así, corresponderalle:

1. A elaboración de propostas de: planificación tecnolóxica en sistemas de información, actualización das metodoloxías, normativas e estándares tecnolóxicos que vai seguir o conxunto da organización e para a realización de auditorías para avaliar a súa aplicación.

2. A xestión do ciclo de vida de adquisición e desenvolvemento da tecnoloxía dos sistemas de información e a revisión do seu correcto cumprimento, propoñendo a arquitectura para cada un dos proxectos de desenvolvemento ou de adquisición de aplicacións informáticas.

3. A avaliación de ferramentas software corporativas e a aplicación da tecnoloxía da información en materia de firma electrónica.

4. A proposta das políticas corporativas e a xestión da evolución da plataforma tecnolóxica en materia de hardware e software de base.

5. A xestión da operatividade das plataformas técnicas do Centro de Procesos de Datos da Consellería de Sanidade, habilitando o mantemento preventivo e correctivo e o establecemento das políticas de seguridade física, lóxica, de dispoñibilidade e de backup dos sistemas informáticos.

6. Elaborar os procedementos de xestión da infraestrutura e contidos das publicacións da intranet e da extranet da consellería e do Sergas, así como a xestión de dominios e correo corporativo.

7. A xestión das redes de comunicacións da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a configuración, instalación e xestión do equipamento de comunicacións nas redes de área local e corporativa.

8. A proposta das políticas corporativas e a xestión da evolución da plataforma tecnolóxica en materia de comunicacións.

Artigo 10º.-A Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios.

1. É a unidade á que lle corresponde a realización da inspección de todo o sistema sanitario galego, de acordo coas necesidades das autoridades sanitarias da consellería.

2. A Inspección de Servizos Sanitarios exercerase sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A elaboración do anteproxecto do Plan Anual de Inspección, o seu seguimento e avaliación.

b) Elaboración e actualización dos protocolos de actuación da inspección.

c) A programación, supervisión, control e coordinación das actividades da Inspección de Servizos Sanitarios da Consellería de Sanidade.

d) Coordinar as actuacións de inspección da xestión da garantía dos dereitos e deberes dos usuarios e pacientes.

e) Coordinar as actuacións de inspección da xestión das prestacións de asistencia sanitaria e da súa calidade.

f) Coordinar as actuacións de inspección da xestión en materia da prestación farmacéutica.

g) Coordinación, control e avaliación da instrución dos procedementos de responsabilidade patrimonial.

h) Coordinación da prestación da asistencia médico-farmacéutica dos servizos de prevención de riscos laborais das empresas.

i) Coordinación, control e avaliación das actuacións de inspección no relativo a centros, servizos e establecementos sanitarios públicos e privados que desempeñen a súa actividade no ámbito da comunidade autónoma.

j) Coordinación, control e avaliación das actividades encomendadas á Inspección de Servizos Sanitarios pola lexislación vixente en materia de accidentes de traballo, enfermidades profesionais, incapacidade temporal, empresas colaboradoras coa Seguridade Social, mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, caixas de urxencia e servizos de prevención de riscos laborais das empresas.

k) Control, avaliación e proposta da acreditación de centros, establecementos e servizos sanitarios e sociosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

l) Realizar nos centros as auditorías do programa de garantía de calidade en materia de protección radiolóxica.

m) Emitir informe, se é o caso, sobre as propostas de resolución dos procedementos disciplinarios de persoal sanitario.

n) Coordinar a inspección e control sanitario da incapacidade temporal, e dos seus sistemas de información.

o) A análise e tramitación das queixas e reclamacións dos usuarios sobre centros e prestacións sanitarias, no relativo á función inspectora.

p) Aplicación, coordinación, seguimento e control do convenio suscrito pola Consellería de Sanidade co Instituto Nacional da Seguridade Social en materia de incapacidade temporal.

q) Coordinación do equipo auditor da Comunidade Autónoma de Galicia na realización de auditorías docentes de acreditación -MIR a hospitais e unidades docentes doutras comunidades autónomas, dentro do programa de colaboración co Ministerio de Sanidade e Consumo.

r) Coordinación e representación da comunidade autónoma nas auditorías docentes que enmarcadas no mesmo programa realizan na nosa comunidade autónoma equipos auditores doutras comunidades autónomas, nomeados polo Ministerio de Sanidade e Consumo, e informe á Secretaría Xeral dos resultados.

s) Coordinar as funcións de apoio que desenvolva a Inspección Central no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

t) Colaboración nos programas de formación continuada dirixidos ao persoal de inspección.

u) Inspección da xestión de listas de espera.

v) Colaboración coa Secretaría Xeral na elaboración dos criterios de acreditación de centros, servizos e establecementos sanitarios.

w) Elaboración de informes e peritaxes extraordinarios a petición da autoridade competente.

4. Contará, co nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

4.1. Servizo de Xestión Administrativa.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A xestión, coordinación e seguimento da adecuación normativa das actuacións administrativas da inspección.

b) A elaboración das propostas de iniciación e de resolución dos expedientes disciplinarios do persoal facultativo estatutario, así como as propostas de resolución dos recursos contra as resolucións dos ditos procedementos.

c) Elaboración das propostas de iniciación e resolución dos procedementos sancionadores a establecementos farmacéuticos.

d) A realización de estudos, proxectos e informes da Inspección de Servizos Sanitarios.

4.2. Servizo de Rexistro de Autorización de Actividades e Centros Sanitarios.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Elaborar as propostas de resolución das autorizacións relativas a centros, servizos e establecementos sanitarios da comunidade autónoma.

b) O rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da comunidade autónoma.

c) O seguimento e a avaliación da publicidade dos servizos sanitarios.

4.3. Servizo de Reclamacións, Calidade, Auditorías e Acreditación Sanitaria.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Valoración e control das queixas e reclamacións no relativo a funcións inspectoras.

b) Coordinar as actuacións en materia da garantía dos dereitos e deberes dos usuarios e pacientes.

c) Valoración e proposta da acreditación de centros, establecementos e servizos sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Realizar nos centros as auditorías do programa de garantía de calidade en materia de protección radiolóxica.

e) Colaboración na programación e realización dos cursos de formación continuada dirixidos ao persoal de inspección.

Artigo 11º.-A Dirección Xeral de Saúde Pública.

1. A Dirección Xeral de Saúde Pública é o órgano encargado da promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega.

2. A súa misión é mellorar a saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria, e para isto, identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde, e as poboacións máis susceptibles; avalía os riscos asociados aos perigos e aos problemas de

saúde identificados; vixía (monitoriza) os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan á poboación galega, e, de acordo coas políticas de saúde do Goberno, propón, planifica e, se é o caso, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermarse ou morrer prematuramente.

3. Correspóndenlle á Dirección Xeral de Saúde Pública, no marco da actuación sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, as funcións dirixidas a:

a) Avaliar o estado de saúde da poboación galega e identificar os seus principais factores determinantes.

b) Vixiar e analizar os indicadores de morbilidade e mortalidade, e a coordinación dos diferentes rexistros da competencia da dirección xeral.

c) Identificar factores determinantes da saúde dos cidadáns galegos.

d) Diminuír o impacto dos factores de risco para a saúde.

e) Aumentar o impacto dos factores protectores da saúde.

f) Desenvolver e xestionar os programas de promoción e protección colectiva da saúde na Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Desenvolver e xestionar os programas poboacionais de prevención individualizada de problemas de saúde con especial repercusión na Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Desenvolver as actividades como autoridade competente en materia de saúde pública.

i) Ofertar servizos de saúde pública na procura da mellora do estado de saúde da poboación.

j) Mellora da calidade da xestión dos servizos de saúde pública.

k) Controlar e coordinar a Rede de Laboratorios de Saúde Pública.

l) Exercer a potestade sancionadora, nos termos previstos na lexislación vixente.

m) Emitir o informe vinculante ao que fai referencia a Lei 5/1995, de regulación das augas mineiras, termais, de manancial e dos establecementos sanitarios.

4. A Dirección Xeral de Saúde Pública contará, para o cumprimento das ditas competencias, coa seguinte estrutura:

a) A Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde.

b) A Subdirección Xeral de Epidemioloxía e Sistemas de Información.

c) A Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables.

d) A Subdirección Xeral de Organización, Avaliación e Calidade.

Artigo 12º.-A Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde.

1. Correspóndenlle á dita subdirección xeral a aplicación e execución das directrices da dirección xeral en materia de planificación, e a coordinación dos programas que actúen sobre os factores ambientais determinantes da saúde da cidadanía galega.

2. Cando os plans e programas incidan na rede asistencial do Servizo Galego de Saúde, a auditoría levarase a cabo en coordinación coa Inspección Sanitaria, de acordo cos principios do Decreto 126/1992, do 19 de maio, sobre ordenación de funcións da Inspección de Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e coas funcións previstas neste decreto.

3. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

3.1. Servizo de Seguridade Alimentaria.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A planificación, a programación e a xestión e difusión de información das actividades de protección da saúde da comunidade galega, fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos.

b) A coordinación e o seguimento das actuacións no marco da Rede de Alerta Alimentaria.

3.2. Servizo de Sanidade Ambiental.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A planificación, a programación, a xestión e a difusión da información das actividades de protección da saúde da comunidade galega, fronte aos riscos asociados aos ambientes específicos.

b) A proposta do informe vinculante ao que fai referencia a Lei 5/1995, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos sanitarios.

Artigo 13º.-A Subdirección Xeral de Epidemioloxía e Sistemas de Información.

1. Correspóndelle á dita subdirección xeral a aplicación e a execución do Plan de Saúde, en materia de identificación de problemas de saúde, de avaliación de riscos dos problemas e perigos identificados, e dos programas ou procesos existentes para o seu control, así como a coordinación de iniciativas no ámbito dos sistemas de información de saúde pública.

2. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo de Epidemioloxía.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A xestión dos sistemas de información de saúde pública.

b) A xestión da Rede galega de Vixilancia en Saúde Pública.

c) A xestión e o control de abrochos epidémicos, alertas e crises sanitarias, mediante a coordinación e o seguimento do Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia.

d) A análise integral da información de saúde pública e a avaliación do estado de saúde da comunidade autónoma.

e) A difusión da información xerada nos sistemas de información de saúde pública.

f) O asesoramento e a promoción da formación en materia de método epidemiolóxico.

g) A coordinación dos sistemas de información de saúde pública con outras administracións ou entidades con funcións na materia.

2.2. Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A elaboración e a coordinación da execución do Plan de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.

b) A actualización e a coordinación da execución da Estratexia de Prevención e Control da Infección polo VIH/SIDA en Galicia.

c) A planificación, a coordinación e a xestión das actividades do Programa Galego de Vacinacións, e a difusión da información sobre o programa.

d) A planificación, a coordinación e a xestión das actividades do Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose, e a difusión da información sobre o programa.

e) En xeral, a planificación, a programación e a xestión das actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles e a difusión da información relacionada con elas.

Artigo 14º.-A Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables.

1. Correspóndenlle á dita subdirección xeral, a aplicación e a execución do Plan de Saúde, baixo as directrices da dirección xeral en materia de fomento de estilos de vida saudable, e a coordinación das actividades de promoción e educación para a saúde, así como a planificación, programación e xestión das actividades dos programas de cribaxe poboacional de determinados problemas de saúde individual.

2. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo de Estilos de Vida Saudables e Educación para a Saúde.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A planificación, a programación e a xestión das actividades dos programas de promoción de estilos

de vida saudable, e a difusión da información sobre os ditos programas.

b) En xeral, a planificación, a programación e a xestión das actividades de prevención e control das enfermidades non transmisibles, e a difusión da información sobre elas.

2.2. Servizo de Programas Poboacionais de Criado.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A planificación, a programación e a xestión das actividades dos programas poboacionais de cribado, e a difusión da información sobre estes.

b) O estudo e deseño de propostas sobre novos programas de cribado poboacional.

Artigo 15º.-A Subdirección Xeral de Organización, Avaliación e Calidade.

1. Correspóndelle á dita subdirección xeral o seguimento na dirección xeral do Plan de Saúde de Galicia, a coordinación e dirección dos procesos estratéxicos e de soporte comúns a toda a dirección xeral, así como a avaliación e o control de calidade.

2. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades.

2.1. Servizo de Planificación Estratéxica e Avaliación.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A coordinación dos procesos de planificación estratéxica, dos plans de acción e dos plans anuais de xestión.

b) A coordinación da comunicación externa sobre os sistemas de xestión de actividades, programas e proxectos de saúde pública, que incidan na xestión e mellora da imaxe corporativa, sen prexuízo da competencia da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.

c) A coordinación e xestión de alianzas, convenios, e acordos con provedores e partes interesadas.

d) A coordinación da xestión, o seguimento e o control dos sistemas de xestión da calidade e dos plans de acción para a mellora organizativa que determine a dirección xeral.

e) O deseño e a coordinación dos sistemas de información para o seguimento e control organizativo.

2.2. Servizo de Coordinación e Control de Xestión.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A coordinación da xestión económica e orzamentaria.

b) A coordinación e apoio no deseño dos programas de formación para o persoal da dirección xeral, e outros aspectos da xestión de persoal, sen prexuízo das competencias doutras unidades da consellería.

c) A coordinación e xestión das actividades de deseño e produción das publicacións oficiais de saúde pública.

d) A coordinación e a xestión dos sistemas lóxicos de aprovisionamento da dirección xeral.

e) A coordinación e a xestión dos sistemas de comunicación interna da dirección xeral.

2.3. Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A implantación da política de calidade establecida pola dirección xeral para os servizos de inspección de saúde pública, así como proporcionar os medios necesarios para a consecución dos obxectivos de calidade definidos.

b) A xestión, a coordinación e a auditoría dos sistemas de aseguranza da calidade na actividade inspectora de saúde pública.

c) A xestión, a coordinación e a auditoría dos sistemas de aseguranza da calidade nos laboratorios de saúde pública.

d) O deseño e a promoción dos programas de formación para o persoal dos servizos de inspección e dos laboratorios de saúde pública.

e) A tramitación dos procedementos administrativos derivados da actividade inspectora de saúde pública e das propostas de resolución dos expedientes sancionadores competencia da dirección xeral. (Nos que a dirección xeral é competente).

f) As actuacións relacionadas coa coordinación e a xestión das taxas xeradas polas actividades de saúde pública.

g) Calquera outra actuación que lle encomende a dirección xeral en materia de coordinación dos servizos de inspección e dos laboratorios de saúde pública.

Artigo 16º.-Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria.

1. A Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria é o órgano encargado da planificación e ordenación sanitaria, aseguranza, tarxeta sanitaria e acreditación persoal, desenvolvemento de sistemas de avaliación de tecnoloxías e programas sanitarios, docencia e investigación.

2. A súa misión é desenvolver as políticas de saúde, establecendo a planificación estratéxica do sistema sanitario e coordinando as actuacións relacionadas co Plan de Saúde de Galicia, así como a ordenación técnica e profesional e a avaliación do sistema sanitario.

3. Correspóndenlle á Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria, no marco da actuación sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, as funcións dirixidas a:

a) Desenvolver as actuacións administrativas relacionadas coa ordenación técnica e a catalogación de servizos, centros e establecementos sanitarios, tanto públicos como privados.

b) Con respecto á segurancia única e pública, correspóndelle a garantía dos dereitos dos cidadáns definidos no título VIII da Losga, o seguimento da equidade nas listas de espera e o establecemento de tempos de garantía, a definición das prestacións do Sistema Sanitario Público Galego, o establecemento dos criterios xerais para asegurar a equidade no acceso ás prestacións e servizos sanitarios; garantir uns niveis de calidade homoxéneos nas prestacións da Rede Galega de Atención Sanitaria, a autorización da incorporación de novos procedementos, técnicas e outros medios sanitarios na Rede Galega de Atención Sanitaria e a formulación da metodoloxía e criterios xerais de compra de servizos.

c) Correspóndelle a fixación dos criterios cara á autorización e acreditación de centros, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios, a avaliación de tecnoloxías sanitarias e de novas fórmulas organizativas, o soporte metodolóxico para a elaboración de guías de práctica clínica e de estándares clínicos, así como a protección radiolóxica. Así mesmo, correspóndelle a ordenación e avaliación das actividades de formación e investigación en materia sanitaria, a promoción da formación continuada dos profesionais sanitarios e o exercicio das relacións institucionais de carácter sanitario cos órganos da Administración central do Estado e demais administracións públicas.

d) A determinación dos criterios xerais de planificación sanitaria e sociosanitaria.

e) A elaboración, difusión, coordinación, seguimento, vixilancia e avaliación do cumprimento do Plan de Saúde.

f) A determinación dos plans, programas, directrices e criterios de actuación a que deben someterse os centros, servizos e establecementos incluídos na Rede Galega de Atención Sanitaria.

g) Desenvolver a actividade de ordenación técnica e profesional que corresponda á Administración sanitaria respecto á prestación de servizos polas entidades de seguro libre, mutuas, entidades colaboradoras, servizos de prevención de riscos laborais e outros centros sanitarios.

h) O establecemento dos criterios xerais e a coordinación dos plans e actuacións en calidade da consellería e dos organismos adscritos ou dependentes.

i) A planificación e o desenvolvemento da formación sanitaria especializada.

j) A planificación, programación e avaliación dos programas de docencia e investigación.

k) Á Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria correspóndelle a planificación do mapa farmacéutico de Galicia, en colaboración e coordinación coa Subdirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios.

l) Tamén lle corresponde a elaboración dos criterios xerais da autorización e acreditación de centros, servizos e establecementos sanitarios. Ditará resolución ao respecto, logo do informe previo da Inspección de Servizos Sanitarios da Secretaría Xeral.

m) O recoñecemento e a acreditación de formacións profesionais no ámbito sanitario, no marco das competencias atribuídas á comunidade autónoma.

4. A Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria contará, para o cumprimento das ditas competencias, coa seguinte estrutura:

a) A Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria.

b) A Subdirección Xeral de Aseguramento.

c) A Subdirección Xeral de Docencia e Investigación Sanitaria.

Artigo 17º.-A Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria.

1. Correspóndelle a esta subdirección a aplicación e a execución das directrices da dirección xeral en materia de planificación e ordenación sanitaria.

2. Cando os plans e programas incidan na rede asistencial do Servizo Galego de Saúde, as actuacións levaranse a cabo en coordinación coa Inspección de Servizos Sanitarios de acordo coas funcións previstas no artigo 4 deste decreto e cos principios do Decreto 126/1992, do 14 de maio, sobre ordenación de funcións da Inspección de Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

3.1. Servizo de Planificación Sanitaria.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A elaboración da proposta do Plan de Saúde e das accións prioritarias derivadas del, o seu seguimento, vixilancia e avaliación do cumprimento e dos resultados.

b) A análise das necesidades sanitarias da poboación, a elaboración de indicadores sanitarios necesarios para o desenvolvemento das funcións de planificación.

c) A proposta da metodoloxía e alcance dos programas estratéxicos e operativos.

d) A proposta de planificación e desenvolvemento do programa sobre prácticas e ensinanzas sanitarias especializadas.

e) A elaboración e proposta dos criterios xerais de planificación sanitaria e sociosanitaria.

f) O establecemento de criterios xerais de planificación.

3.2. Servizo de Ordenación Sanitaria.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A elaboración da proposta de ordenación territorial sanitaria.

b) A emisión de informe das solicitudes de autorización previa, de creación ou modificación de centros, servizos e establecementos sanitarios.

c) A formulación da proposta de planificación e actualización do mapa farmacéutico de Galicia.

d) A elaboración das propostas de autorización de novas oficinas de farmacia de acordo cos criterios de planificación que se establezan.

e) A realización de informes sobre as propostas de autorización relativas á creación, apertura, modificación, traslado, cerramento e transmisión das oficinas de farmacia e boticas anexas.

f) A realización do informe previo dos expedientes de autorización dos establecementos de fabricación á medida, de venda con adaptación individualizada, de distribución ou venda de produtos sanitarios.

Artigo 18º.-A Subdirección Xeral de Aseguramento.

1. Correspóndelle a esta subdirección a aplicación e a execución das directrices da dirección xeral en materia de segurancia e garantía dos dereitos dos cidadáns referidos no título VIII da Losga.

2. Cando os plans e programas incidan na rede asistencial do Servizo Galego de Saúde, as actuacións levaranse a cabo en coordinación coa Inspección de Servizos Sanitarios de acordo coas funcións previstas no artigo cuarto deste decreto e cos principios do Decreto 126/1992, do 14 de maio, sobre ordenación de funcións da Inspección de Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

3.1. Servizo de Aseguramento.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) As propostas de aseguramento sanitario.

b) A elaboración das propostas de ordenación das prestacións sanitarias e sociosanitarias.

c) As propostas de incorporación das prestacións sanitarias non financiadas polo Sistema Nacional de Saúde.

d) A segurancia dos dereitos dos cidadáns, así como o seguimento do seu cumprimento.

e) As propostas dos criterios xerais para asegurar a equidade no acceso ás prestacións e aos servizos sanitarios.

f) A supervisión da equidade no funcionamento da lista de espera e da aplicación dos tempos de garantía, co obxecto de garantir os dereitos individuais dos pacientes.

g) A proposta de niveis de calidade de referencia para todos os dispositivos e prestacións da Rede Galega Sanitaria de Utilización Pública.

h) A xestión do procedemento de incorporación de novos procedementos, técnicas e outros medios sanitarios na Rede Galega de Atención Sanitaria de Utilización Pública.

i) A elaboración da proposta de metodoloxía e de criterios xerais de compra de servizos cos centros da Rede Galega de Atención Sanitaria de Utilización Pública.

j) A proposta de criterios xerais e de coordinación de actuacións sobre calidade, así como do cadro de mando de calidade asistencial.

k) A análise das queixas e reclamacións sobre as prestacións sanitarias, no relativo á segurancia dos dereitos dos cidadáns.

3.2. Servizo de Tarxeta Sanitaria e Acreditación Persoal.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A elaboración dos procedementos para garantir a acreditación do dereito á asistencia sanitaria dos cidadáns residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A xestión do Sistema de Información Poboacional do Servizo Galego de Saúde, para identificación única de todos os usuarios do sistema, e desenvolvemento de novas funcionalidades que faciliten a interacción dinámica do cidadán coa Administración sanitaria a través das novas canles de comunicación.

c) O deseño e a xestión dos documentos que acreditan o dereito á asistencia sanitaria pública como medio de acceso aos diferentes servizos sanitarios autenticando tanto a cidadáns como a profesionais sanitarios.

d) A proposta de estratexias para a integración de datos necesarios para a planificación de servizos e o establecemento de medidas de coordinación para o mantemento do sistema de recursos vinculado á tarxeta sanitaria.

3.3. Servizo de Protección Radiolóxica.

Sen prexuízo das competencias atribuídas á protección civil e a outros órganos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Establecer un sistema de validación e seguimento que permita determinar se o programa de garantía de calidade en radioterapia, medicina nuclear ou radiodiagnóstico se adecua aos obxectivos previstos, cumpre coas disposicións regulamentarias que lle sexan de aplicación e estea implantado de forma efectiva, para os efectos da súa certificación.

b) Seguimento e vixilancia de cada un dos criterios de calidade establecidos en radioterapia, medicina nuclear ou radiodiagnóstico e, máis especificamente, no programa de garantía de calidade. No caso de ser preciso, promover a realización de auditorías nos centros e propoñer medidas correctoras do equipamento, dos procedementos ou as actuacións inspectoras que correspondan.

c) Promover a mellora da calidade, eficiencia e efectividade do acto radiolóxico médico, así como evitar exposicións inadecuadas ou excesivas ás radiacións ionizantes, mediante disposicións tales como asesoría no ámbito da garantía de calidade ou a formación do persoal implicado, relativa á protección do paciente e aos programas de control e garantía de calidade.

d) Elaborar os criterios mínimos que garantan a seguridade, eficacia e eficiencia dos equipamentos das instalacións radiolóxicas, sen prexuízo das competencias do Consello de Seguridade Nuclear e outros organismos con autoridade na materia.

e) Elaborar o inventario de equipos radiolóxicos das instalacións de radiodiagnóstico, radioterapia e de medicina nuclear, e colaborar co Ministerio de Sanidade e Consumo na realización do Censo Nacional de Instalacións Radioactivas de Uso Médico.

f) Realizar estudos necesarios para que a Consellería de Sanidade lle propoña ao Ministerio de Sanidade e Consumo a actualización dos criterios de ordenación que, en relación coa protección radiolóxica, se aplicarán na autorización previa para a creación, ampliación e modificación de centros ou establecementos sanitarios.

3.4. Servizo de Desenvolvemento de Sistemas e Avaliación de Tecnoloxías.

Correspóndelle as seguintes funcións:

a) A proposta dos criterios de planificación e das directrices de carácter xeral e o seguimento con respecto á Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.

b) A identificación e o estudo das tecnoloxías sanitarias emerxentes.

c) A coordinación e realización de informes técnicos e estudos de avaliación sobre tecnoloxías sanitarias, así como dos sistemas organizativos en que se desenvolve a atención sanitaria, de acordo cos criterios de seguridade, eficacia, efectividade e eficiencia, e tendo en conta a súa valoración ética, clínica, económica e social.

d) O deseño de novas organizacións para a aplicación de alta tecnoloxía, así como as propostas de criterios de seguimento e avaliación das súas actividades.

e) Coordinar o deseño, elaboración e difusión de guías de práctica clínica e de recomendacións na

aplicación das tecnoloxías sanitarias, propoñer sistemas de información dirixidos a obter os datos necesarios para a avaliación de tecnoloxías.

f) A promoción da investigación científica dirixida a mellorar a metodoloxía necesaria no ámbito da avaliación de tecnoloxías sanitarias.

g) Emitir informes dos plans e as propostas de novos recursos tecnolóxicos e de novos procedementos, técnicas e outros medios sanitarios, cando así se lle solicite.

Artigo 19º.-A Subdirección Xeral de Docencia e Investigación Sanitaria.

1. Correspóndelle a esta subdirección a promoción, ordenación e coordinación e avaliación dos plans e programas de investigación e docencia baixo as directrices da dirección xeral en materia de:

a) Planificación, promoción e avaliación das accións de formación sustentadas nas necesidades do sistema sanitario da comunidade autónoma.

b) A elaboración de propostas e do seguimento dos programas de docencia e de investigación.

c) A planificación, promoción e avaliación das accións de investigación en relación cos problemas e necesidades de saúde da poboación da comunidade autónoma.

d) A coordinación das actividades docentes que se realicen nos centros, incluída a formación especializada.

e) A coordinación e fomento da investigación no sistema sanitario.

f) A coordinación, control e avaliación das fundacións de investigación do sistema sanitario.

g) Recibir, analizar e materializar a proposta do Plan Anual de Formación do Persoal do organismo autónomo Sergas, así como o informe do Plan de Formación do Persoal non Sanitario.

h) Para o desenvolvemento das súas funcións contará co apoio da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) e das fundacións para a investigación de cada área sanitaria.

i) Elaborará a proposta dos criterios de planificación, as directrices de carácter xeral e o seguimento con respecto ás actividades de investigación e de docencia desenvolvidas pola Fegas. Materializaranse mediante a subscripción dos oportunos convenios entre a Consellería de Sanidade e os organismos dependentes e a Fegas.

2. Correspóndelle a esta subdirección o apoio técnico ás secretarías técnicas do Sistema Acreditador de Formación Continuada dos profesionais sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

3.1. Servizo de Docencia.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) O desenvolvemento das funcións de docencia da Subdirección Xeral de Docencia e Investigación Sanitaria.

b) O apoio técnico administrativo ao Sistema Acreditador da Formación Continuada.

3.2. Servizo de Investigación Sanitaria.

Correspóndenlle a seguinte función:

-O desenvolvemento das funcións de investigación sanitaria da Subdirección Xeral de Docencia e Investigación Sanitaria.

Artigo 20º.-O Consello Galego de Saúde.

O Consello Galego de Saúde é o principal órgano colexiado de participación comunitaria no sistema sanitario de Galicia ao que lle corresponde o asesoramento á Consellería de Sanidade na formulación da política sanitaria e no control da súa execución. Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, a súa composición e funcións son os establecidos polos artigos 121 e 122 da Losga.

Artigo 21º.-O Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia.

O Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia é o órgano superior de consulta e asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, a súa composición e funcións son os establecidos polo artigo 129 da Losga.

Artigo 22º.-Outros órganos colexiados.

Así mesmo, están adscritos á Consellería de Sanidade, coa composición e funcións que sinalan as súas normas de creación, os seguintes órganos:

-A comisión de coordinación entre consellerías en materia de drogodependencias.

-A comisión de coordinación entre administracións públicas en materia de drogodependencias.

-A comisión de coordinación entre administración con organizacións non gobernamentais, en materia de drogodependencias.

-A comisión galega de autorización de laboratorios de ensaios de produtos alimenticios relacionados co consumo humano.

Artigo 23º.-Os órganos de coordinación da Consellería de Sanidade.

a) O Consello de Dirección da Consellería de Sanidade.

1. Estará integrado polos seguintes membros:

a) A conselleira ou conselleiro de Sanidade, que será o seu presidente.

b) O secretario xeral da Consellería de Sanidade, que será o seu vicepresidente e coordinador.

c) O secretario xeral do Sergas.

d) Os directores xerais da Consellería de Sanidade e os directores de división do Sergas.

e) Os delegados provinciais da Consellería de Sanidade.

f) Os directores provinciais do Sergas e os xerentes das áreas sanitarias, se é o caso.

g) O xefe do gabinete da consellería.

2. Actuará como secretario do Consello de Dirección, con voz pero sen voto, un funcionario da Consellería de Sanidade nomeado pola conselleira ou conselleiro de Sanidade.

3. O Consello de Dirección funcionará sempre en pleno e reunirse, como regra xeral, unha vez ao mes e sempre que sexa convocado pola súa presidencia.

4. Poderán asistir ás sesións do consello, con voz pero sen voto, os asesores técnicos ou as persoas representantes de organismos e outras entidades, cando a presidencia o considere oportuno.

5. Serán funcións do Consello de Dirección:

a) Definir os posicionamentos e orientacións de carácter estratéxico da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

b) Definir as políticas de financiamento e orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

c) Definir as políticas de recursos humanos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

d) Definir os proxectos de carácter estratéxico da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

e) Definir o cadro de mando da alta dirección da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

f) Elaborar todos aqueles informes, en materia da súa competencia, que lle sexan solicitados pola presidencia do Consello de Dirección.

b) O Comité Executivo da Consellería de Sanidade.

1. Estará integrado polos seguintes membros:

a) A conselleira ou conselleiro de Sanidade, que será o seu presidente.

b) O secretario xeral da Consellería de Sanidade, que será o seu vicepresidente e coordinador.

c) O secretario xeral do Sergas.

d) Os directores xerais da Consellería de Sanidade.

e) O xefe do gabinete da consellería.

2. Actuará como secretario do Comité Executivo, con voz pero sen voto, un funcionario da Consellería

de Sanidade nomeado polo conselleiro ou conselleira de Sanidade.

3. O Comité Executivo funcionará sempre en pleno e reunirse, como regra xeral, unha vez á semana e sempre que sexa convocado pola súa presidencia.

4. Poderán asistir ás sesións do comité, con voz pero sen voto, os asesores técnicos ou as persoas representantes de organismos e outras entidades, cando a presidencia o considere oportuno.

5. Serán funcións do Comité Executivo:

a) Efectuar o seguimento e acordar reorientacións, se é o caso, en: orientacións políticas e estratéxicas da consellería, políticas de investimentos e recursos humanos, políticas de financiamento e orzamentos.

b) Efectuar o seguimento e acordar reorientacións, se é o caso, dos proxectos axeitados ás estratexias definidas.

c) Efectuar o seguimento e acordar reorientacións, se é o caso, dos programas e procesos que hai que desenvolver.

d) Efectuar o seguimento e acordar reorientacións, se é o caso, do cadro de mando sobre os resultados obtidos.

e) A resolución de incidencias no seu ámbito.

Capítulo II

Órganos periféricos e territorializados

Artigo 24º.-As delegacións provinciais.

1. Para o exercicio das súas competencias, a Consellería de Sanidade organízase en catro delegacións provinciais, que desenvolven as súas funcións no ámbito territorial correspondente a cada unha das provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Á fronte de cada delegación provincial existirá un delegado ou delegada da que dependerán os servizos, unidades e centros da consellería que radiquen no ámbito territorial da súa competencia. Os delegados dependerán orgánica e funcionalmente da conselleira ou conselleiro, sen prexuízo das directrices que, na orde funcional, poidan emanar do secretario xeral e dos directores xerais da consellería.

3. Nos seus respectivos ámbitos territoriais, correspóndelles aos delegados provinciais o exercicio das seguintes competencias:

a) Exercer a representación oficial da consellería ante as autoridades, organismos e entidades.

b) Dirixir a xestión dos servizos da delegación e exercer a supervisión e seguimento das súas actividades, asumindo a plena representatividade deles.

c) Desempeñar a xefatura superior de persoal respecto dos servizos provinciais da consellería.

d) O exercicio da potestade disciplinaria do persoal dos servizos provinciais da consellería nos termos previstos na normativa reguladora.

e) Elaborar a proposta de dotacións orzamentarias da delegación que hai que incluír no anteproxecto de orzamentos da consellería.

f) A coordinación, execución e control dos plans e programas de actuación da consellería, tanto no ámbito da planificación e ordenación sanitaria, como de farmacia e saúde pública.

g) Incoar e tramitar os expedientes sancionadores a centros, servizos e establecementos sanitarios e aqueles outros derivados da comisión de infraccións administrativas no ámbito das súas competencias, e a resolución daqueles que lle atribúa a normativa vixente, así como acordar a suspensión temporal do exercicio de actividades, a incautación ou a inmovilización de produtos, a intervención de medios e outras de carácter cautelar, no ámbito da Losga, da normativa de ordenación farmacéutica e das normas sectoriais que resulten de aplicación.

h) A recepción, tramitación e resolución, se é o caso, de cantas denuncias, queixas e reclamacións se produzan no seu ámbito competencial.

i) As funcións legalmente encomendadas en materia de xestión das oficinas de farmacia, dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria; das boticas anexas; dos centros, servizos e establecementos sanitarios e dos establecementos de fabricación, venda e distribución dos produtos sanitarios.

j) As funcións establecidas no Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, no Decreto 87/1990, do 15 de febreiro, e no Decreto 88/1990, do 15 de febreiro, así como calquera outra función ou atribución que a lexislación vixente lles confira ou lles sexan delegadas pola conselleira ou conselleiro.

k) As funcións que lle outorga o Decreto 97/1998, polo que se regula a publicidade sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. As delegacións provinciais da consellería de Sanidade estarán integradas polas seguintes unidades administrativas:

-A Secretaría.

-Servizo de Aseguramento, Planificación e Ordenación Sanitaria.

-Servizo de Promoción da Saúde.

-Servizo de Protección da Saúde.

-Servizo de Laboratorio de Saúde Pública.

Artigo 25º.-A Secretaría da delegación.

A Secretaría, con nivel orgánico de servizo, é o órgano de xestión e coordinación dos servizos administrativos e de persoal da delegación, ao que lle corresponde o exercicio das seguintes funcións:

a) A asistencia técnica e administrativa ao delegado ou delegada.

b) A coordinación administrativa do funcionamento dos servizos dependentes da delegación provincial.

c) A xestión do persoal que preste servizos na delegación.

d) Información previa e instrución de expedientes disciplinarios do persoal dos servizos provinciais da consellería nos termos previstos na normativa vixente.

e) As cuestións de réxime interior, información e atención ao cidadán, rexistro xeral, publicacións, documentación administrativa, arquivo e inventario.

f) A vixilancia e supervisión da organización e funcionamento dos servizos administrativos da consellería.

g) A iniciación e seguimento dos expedientes sancionadores en materia de sanidade ambiental e seguridade alimentaria, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos da Xunta de Galicia.

h) A xestión económica da delegación.

i) A administración, control e xustificación dos créditos orzamentarios asignados á delegación.

j) A habilitación dos medios materiais e de persoal da delegación.

k) A tramitación de queixas e reclamacións dos usuarios do sistema sanitario público presentadas na delegación.

l) Substituír o delegado ou delegada provincial nos casos de enfermidade, ausencia ou vacante deste.

m) Calquera outro asunto que non sexa función específica dos demais servizos da delegación.

Artigo 26º.-Servizo de Aseguramento, Planificación e Ordenación Sanitaria.

Correspóndenlle a este servizo as seguintes funcións:

a) A elaboración de indicadores, realización de estudos e demais accións necesarias para o proceso de planificación sanitaria.

b) A realización de propostas para o catálogo de procedementos.

c) A análise das queixas e reclamacións sobre as prestacións sanitarias, no relativo á seguridade dos dereitos dos cidadáns.

d) A tramitación e informe dos expedientes de autorización previa, de creación e modificación dos centros, servizos e establecementos sanitarios, e de fabricación, distribución e venda de produtos sanitarios de conformidade co disposto na súa normativa reguladora.

e) A tramitación e o informe dos expedientes de autorización e funcionamento respecto dos centros, servizos e establecementos sanitarios de conformidade co disposto na súa normativa reguladora.

f) Tramitación e proposta de resolución dos expedientes de apertura, traslado, modificación, peche e transmisión de oficinas de farmacia e boticas anexas.

g) Tramitar as iniciativas de creación de servizos de farmacia e depósitos de medicamentos.

h) A xestión da Unidade Provincial de Tarxeta Sanitaria.

i) Levar a cabo as accións oportunas para verificar as medidas adoptadas pola Subdirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios como consecuencia das alertas sobre riscos relacionados cos medicamentos ou produtos sanitarios nos centros, establecementos e servizos sanitarios do seu ámbito de actuación.

j) A tramitación de expedientes e proposta de recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

k) Aquelas que lle encomende o delegado provincial.

Artigo 27º.-Servizo de Promoción da Saúde.

Correspóndenlle o exercicio das seguintes funcións:

a) A organización da execución dos programas de saúde pública e de vixilancia epidemiolóxica elaborados pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

b) A coordinación e emisión de informes e avaliación dos programas e actividades encomendados.

c) Calquera outra función que lle sexa encomendada en materia de promoción da saúde, de programas e de vixilancia de saúde pública.

d) O control previo do gasto derivado da execución dos programas de saúde pública que se lle encomenden, acorde cos créditos que se lle atribúan.

e) Aquelas que lle encomende o delegado provincial.

Artigo 28º.-Servizo de Protección da Saúde.

Correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

a) A execución das disposicións ditadas en materia de protección da saúde.

b) A organización da execución dos programas de protección da saúde elaborados pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

c) O seguimento dos cursos e programas de formación e información en materia de protección da saúde.

d) A coordinación e supervisión das inspeccións en materia de sanidade ambiental e seguridade alimentaria e en calquera outra materia relacionada coa protección da saúde na Comunidade Autónoma de Galicia.

e) A proposta de resolución dos expedientes sancionadores en materia de sanidade ambiental e seguridade alimentaria e en calquera outra materia relacionada coa protección da saúde na Comunidade Autónoma de Galicia.

f) A coordinación e a emisión de informes de avaliación dos programas e actividades encomendados.

g) O control e a supervisión das actividades que realice o persoal adscrito ao desenvolvemento de cada unha das actividades relacionadas coa sanidade ambiental e coa seguridade alimentaria e en calquera outra materia relacionada coa protección da saúde na Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Calquera outra función que lle sexa encomendada en materia de sanidade ambiental e seguridade alimentaria e en calquera outra materia relacionada coa protección da saúde na Comunidade Autónoma de Galicia.

i) A tramitación dos expedientes administrativos de centros, establecementos ou servizos non sanitarios relacionados coa protección da saúde.

j) O control previo do gasto derivado da execución dos programas de saúde pública que se lle encomenden, acorde cos créditos que se lle atribúan.

k) Aquelas que lle encomende o delegado provincial.

Artigo 29º.-Servizo de Laboratorio de Saúde Pública.

Correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

a) A xestión e a coordinación das actividades realizadas polo laboratorio de saúde pública da delegación.

b) A execución das análises que se lle encomenden en materia de saúde pública.

c) O deseño e a implantación dos programas de calidade no laboratorio.

d) O control e a supervisión das actividades que realice o persoal adscrito ao laboratorio.

e) O control previo do gasto derivado da execución dos programas de saúde pública que se lle encomenden, acorde cos créditos que se lle atribúan.

f) Calquera outra actuación que se lle encomende por razón da idoneidade dos seus recursos.

Artigo 30º.-Servizo de Inspección Sanitaria.

1. Ao Servizo de Inspección Sanitaria, con dependencia orgánica única da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e funcional das secretarías xerais da Consellería de Sanidade e do Sergas, de conformidade co respectivo ámbito de competencia, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Desenvolvemento do Plan Anual de Inspección, no seu ámbito territorial.

b) As actuacións de inspección da xestión da garantía dos dereitos e deberes dos usuarios e pacientes do sistema sanitario público galego, en especial no referente aos principios de equidade e calidade da asistencia.

c) Analizar e, se é o caso, emitir informe sobre as queixas e reclamacións dos usuarios sobre centros e prestacións sanitarias, no relativo á función inspectora, así como a inspección, a avaliación e o control da actividade levada a cabo por outros órga-

nos da Administración sanitaria en materia de queixas e reclamacións.

d) Inspección da xestión dos centros, servizos e establecementos tanto públicos como privados, e da asistencia sanitaria prestada por eles, no ámbito das súas competencias.

e) Inspección dos centros, servizos e establecementos concertados e con autorización de uso, no referente ao cumprimento de requisitos e condicións do concerto, a súa organización e funcionamento, así como no relativo aos seus servizos e á atención e prestacións sanitarias.

f) Inspección da xestión e dos dispositivos de coordinación de urxencias e emerxencias na Comunidade Autónoma de Galicia, así como das prestacións sanitarias complementarias: transporte sanitario, ortopróteses, terapias respiratorias e prestacións dietoterápicas.

g) Realización das actividades inspectoras e a elaboración das propostas dos procedementos de autorización de funcionamento de centros, servizos e establecementos sanitarios.

h) Levar a cabo as auditorías da acreditación dos centros, servizos e establecementos sanitarios.

i) Inspección da xestión da prestación farmacéutica respecto ao control dos establecementos, centros e servizos públicos, privados e concertados nos cales se lle preste atención farmacéutica á poboación.

j) A inspección da prestación farmacéutica e das receitas oficiais do Sistema Nacional de Saúde facturadas polos colexios farmacéuticos en execución do concerto para a prestación farmacéutica.

k) A inspección e o control da fabricación, distribución e venda de medicamentos e produtos sanitarios, as funcións de inspección derivadas da cooperación coa Axencia Española dos Medicamentos e Produtos Sanitarios.

l) A inspección dos sistemas de farmacovixilancia e dos estudos posteriores á autorización.

m) A inspección e o control dos medios de promoción utilizados na publicidade do medicamento.

n) Realizar nos centros as auditorías de garantía de calidade en protección radiolóxica.

o) Inspección, avaliación e control da asistencia sanitaria prestada polas empresas colaboradoras e polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e das súas instalacións e servizos, no ámbito das súas competencias.

p) Inspección, avaliación e control sanitario da incapacidade temporal.

q) Colaboración coas entidades xestoras en materia de saúde laboral e participación no equipo de valoración de incapacidades, de acordo coa normativa vixente na materia.

r) Inspección, avaliación e informe en relación cos aspectos sanitarios dos servizos de prevención de riscos laborais, así como para o control da prestación da asistencia sanitaria médico-farmacéutica deles.

s) Instrucións do procedemento e elaboración dos informes técnico-sanitarios nos expedientes de responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria, así como a realización, se é o caso, de actividades de consultoría e asesoramento en relación con procedementos de reclamación, xurisdiccional ou administrativa, contra a Administración sanitaria.

t) Propostas de iniciación, instrución e propostas de resolución dos procedementos disciplinarios do persoal facultativo estatutario.

u) As informacións previas aos procedementos disciplinarios do persoal facultativo estatutario.

v) Instrución e proposta de resolucións dos procedementos sancionadores a establecementos farmacéuticos.

w) Inspección e informe das actividades de investigación, en especial as referidas aos ensaios clínicos.

x) Inspección e informe da docencia nos centros sanitarios, no relativo á docencia pregraduada, posgraduada e de formación continuada.

y) A realización dos informes preceptivos ao amparo do estipulado no Real decreto 772/1997, do 30 de maio, (e Real decreto 1598/2004, do 2 de xullo, que o modifica no seu artigo 15.2º b).

z) Colaborar coas autoridades responsables de tráfico na elaboración dos informes de cara a determinar as adaptacións ou restricións que os condutores con deficiencia física teñan que utilizar para a conducción de vehículos.

aa) A supervisión da realización, no ámbito territorial, das enquisas de calidade percibida realizadas pola Secretaría Xeral.

2. Os citados servizos despréganse de xeito territorializado. Non obstante, o ámbito de desempeño das funcións citadas será o da totalidade do territorio de Galicia, agás no que se refire á xestión de prestacións que será o vinculado á área sanitaria.

Disposición adicional

Para o exercicio das funcións de supervisión e inspección en materia de riscos relacionados cos medicamentos ou produtos sanitarios, sanidade ambiental e seguridade alimentaria e nas materias relacionadas coa protección e promoción da saúde na Comunidade Autónoma de Galicia, o persoal da consellería ao que se lle encomenden estes labores terá a condición de axente da autoridade sanitaria para os efectos do artigo 137 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, logo da acreditación da súa identidade, estará autorizado para realizar as actuacións establecidas no artigo 88 da Losga.

Disposicións transitorias

Primeira.-Mentres non se creen na Secretaría Xeral as unidades precisas para o desenvolvemento das funcións que lle corresponden en materia económica, orzamentaria e de persoal, as ditas funcións serán exercidas, coa superior dirección da Secretaría Xeral, respectivamente polas correspondentes unidades das Divisións des Económicos e de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

Segunda.-Cando, como consecuencia da estrutura orgánica que se establece neste decreto, se modifique a denominación das distintas unidades administrativas existentes con anterioridade, se cree ou suprima algunha das devanditas unidades, autorízase a conselleira ou conselleiro de Sanidade, por proposta do secretario xeral, para adscribir o persoal afectado polo cambio de estrutura a postos do mesmo ou inferior nivel, seguindo o disposto no artigo 62.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e na Lei 9/1997, do 12 de maio, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas. Todo iso sen prexuízo das competencias que poida ter atribuídas nesta materia a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e/ou daquelas outras funcións que se lles atribúan a outros órganos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

Nos casos de supresión das subdireccións xerais ou servizos existentes con anterioridade, as unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior ao de servizo continuarán subsistentes e retribuiranse con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aprobe a nova relación de postos de traballo adaptada á estrutura orgánica establecida no presente decreto. As unidades e postos de traballo encadrados nos órganos suprimidos adscribiranse provisionalmente, por resolución da conselleira ou conselleiro, a proposta da secretaria xeral, aos órganos regulados no presente decreto, en función das atribucións que estes teñan asignados.

Terceira.-A Consellería de Sanidade, de conformidade co disposto no artigo 15.5º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, elaborará a proposta de relación de postos de traballo resultantes da aplicación deste decreto, efectuando a súa tramitación de acordo coa normativa vixente.

Cuarta.-Cando como consecuencia da estrutura orgánica que se establece neste decreto algunha das unidades administrativas existentes cambie a súa adscripción do Servizo Galego de Saúde á Consellería de Sanidade ou viceversa, ou dentro da mesma sección cambie de servizo, poderán continuar coa xestión dos créditos orzamentarios que teñan encomendados independentemente do orzamento de gastos onde se sitúen estes.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 13, do tres de febreiro do 2005, que establece a estrutura orgánica da Con-

sellería de Sanidade, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a conselleira ou conselleiro de Sanidade para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de febreiro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

Para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia (en diante, Losga) no seu título IV, establece que no Servizo Galego de Saúde se integran todos os centros, servizos e establecementos sanitarios de titularidade da Administración autonómica galega, e atribúelle á Consellería de Sanidade o exercicio das facultades de dirección, vixilancia e tutela sobre o Sergas e, en particular, o exercicio das potestades regulamentarias da Losga e das restantes disposicións que sexan de aplicación.

O Sergas exercerá o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos, garantindo a provisión dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública; coordinará a xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros que teña asignados, e exercerá aquelas funcións que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

Ao Servizo Galego de Saúde correspóndelle a coordinación da Rede Galega de Atención Sanitaria para a optimización de todos os dispositivos asistenciais integrados nela. Neste senso distribuirá con equidade os recursos económicos afectos ao financiamento dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública, mediante a dobre función de compra e provisión de servizos sanitarios, que se exercerán de forma separada.

A modernización e humanización do sistema sanitario público require incorporar modelos de xestión que o dinamicen. Deste modo, o Servizo Galego de Saúde e as súas áreas sanitarias deberán estar orientadas a garantir os dereitos dos cidadáns e a continuidade asistencial mediante unha organización

centrada no paciente como base para asegurar a calidade da asistencia, que supere a tradicional separación entre a atención primaria e a atención especializada e que abrangue a atención sociosanitaria, integrando todas as modalidades asistenciais de atención ao usuario.

Neste senso, introdúcense na estrutura do Servizo Galego de Saúde fórmulas organizativas cunha visión lonxitudinal e integradora dos procesos asistenciais baseada na continuidade da atención sanitaria, co fin de acadar a coordinación, colaboración e cooperación de todos os provedores públicos, tendo como centro de atención o paciente, ao cal se lle deben garantir unha calidade obxectiva e uns tempos de atención axeitados.

Polo tanto, en virtude do disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 22 de outubro, por proposta da conselleira de Sanidade, cos informes previos das consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de febreiro de dous mil seis,

DISPOÑO:

Capítulo I
Servizos centrais

Artigo 1º.-Do Servizo Galego de Saúde.

Para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

O Servizo Galego de Saúde está adscrito á Consellería de Sanidade e rexeráse polo establecido na Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia.

O Servizo Galego de Saúde, para o exercicio das súas competencias e o cumprimento dos seus fins, contará coa seguinte estrutura:

I. Órganos centrais de dirección:

I. Órganos colexiados:

Consello de Dirección.

II. Órganos unipersoais:

a) Presidente.

b) Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde.

c) Director xeral da División de Asistencia Sanitaria.

d) Director xeral da División de Recursos Económicos.

e) Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional.